

## ACTA NÚM. 4/13

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 30 DE MAIO DO 2013.

Na casa do Concello de Barro, ás vinte e unha horas do día trinta de maio de dous mil trece, reúnese o Pleno deste concello.

#### ASISTENTES:

##### Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

##### Do Partido Popular:

Dna. Teresa Roig Olona

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo

---

##### Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abrales

Dna. M<sup>a</sup> Xesús Castro Calviño.

D. Roberto Rivas Reboredo.

---

##### Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna Margarita Canay Pintos

##### Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

#### ORDE DO DIA

- 1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.
- 2.- INFORME CUMPRIMENTO PRAZOS ART. 4 LEI 15/2010 SOBRE MOROSIDADE 1º TRIMESTRE 2013.
- 3.- SOLICITUDE AO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN E EMERXENCIAS.
- 4.- MOCIÓN.
- 5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dilixencia.- Con carácter previo a celebración da sesión plenaria están presentes no salón de sesións un grupo de persoas da plataforma de “afectadas polas preferentes e subordinadas do Umia” que informan os presentes do sua problemática e proceden a dar lectura a dous textos; rematada a lectura dos mesmos abandonan o salón de sesións.

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

### **1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.**

Dada conta da acta de data 20.03.2013 non se formulan observacións á mesma e apróbbase por unanimidade.

### **2.- INFORME CUMPRIMENTO PRAZOS ART. 4 LEI 15/2010 SOBRE MOROSIDADE 1º TRIMESTRE 2013.**

Ponse en coñecimento da corporación o contido da normativa sobre morosidade que regula o prazo para o pago de facturas polas Administracións Públicas.

O art. 4 da Lei 15/2010 prevé que:

3. Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.

En cumprimento do disposto no art. 4 da Lei 15/2010 de morosidade, dase conta dos estadillos referidos ao primer trimestre do ano 2013:

#### **PAGAMENTOS REALIZADOS NO PRIMEIRO TRIMESTRE**

DENTRO DO PERIODO LEGAL		FORA DO PERIODO LEGAL	
nº pagamentos	importe total	nº pagamentos	importe total
48	14.784,05	85	221.563,91

Periodo medio de pagamento: 61 días

Periodo de pago excedido: 24 días

#### **FACTURAS PENDENTES DE PAGAR AO FINAL DO PRIMEIRO TRIMESTRE**

DENTRO DO PERIODO LEGAL		FORA DO PERIODO LEGAL	
nº de operacións	importe total	nº de operacións	importe total
85	67.977,00	4	2.426,02

Periodo medio do pendente de pagamento: 20 días.

Periodo medio do pendente de pagamento excedido: 22 días.

Os membros da Corporación danse por enterados.

### **3.- SOLICITUDE AO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN E EMERXENCIAS.**

Polo Sr. Alcalde dase conta da proposta da Deputación Pruvincial de integrarse no Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e Salvamento integrado pola Xunta de Galicia e a Deputación Provincial. Sinala que a integración en dito consorcio non supón coste para o concello sendo necesario contar con asistencia para situacións de emerxencia.

Transcribese a continuación o escrito recibido da Deputación Provincial :

*“Mediante o Decreto 36/2011, do 17 de febreiro, aprobase a constitución do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, integrado pola Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra, para dar cumprimento ao disposto ñas disposicións adicional terceira e transitoria terceira da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia; iniciando o seu funcionamento o 1 de xaneiro de 2012, coa integración dos Consorcios comarcais do Salnés, do Morrazo e do Baixo Miño-Condado-Louriña.*

*Constitúe o obxecto do Consorcio Provincial a execución das competencias do servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento, que se lies atribúen na lexislación vixente aos entes consorciados, mediante a xestión e coordinación da rede de parques de que dispon para garantir a prestación homoxénea do servizo. Entre os fins do consorcio, que serán o prestados polos parques de Bueu, O Porriño, Ribadumia e Vilagarcía de Arousa, estará a colaboración eos servizos municipais de protección civil dos concellos para o salvamento de persoas e bens, a prevención e extinción de incendios, a prevención e actuación ante calquera tipo de sinistro ou situación de risco e o asesoramento e asistencia, formación e información en materia de seguridade, que afecten as persoas, edificacións e instalacións, así como o fomento da autoprotección,*

*O ámbito de actuación do Consorcio, de acordo co previsto no artigo 6 dos seus estatutos, é a práctica totalidade da provincia de Pontevedra, con exclusión daqueles concellos que dispoñan dun parque municipal de bombeiros de seu ou se atopen integrados nun consorcio comarcal.*

*A tal efecto o Consorcio Provincial, no Prego de Cláusulas Administrativas para a contratación da xestión do servizo de intervención en emerxencias, prevé a ampliación da prestación deste servizo aos Concellos que se atopan no ámbito de actuación do Consorcio Provincial, integrándoos na área de actuación de un dos parques de bombeiros de que dispon.*

*Dado que o Concello que Vde. preside se atopa no ámbito de actuación do Consorcio Provincial e para facer efectiva a prestación prevista, unha vez adxudicado o novo contrato de xestión indirecta do servizo de intervención en emerxencias, e tendo en conta as competencias e responsabilidades que en materia de protección civil e prevención e extinción de incendios lies atribúen aos concellos e as Deputacións a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, procede por parte dese Concello, mediante acordo adoptado polo órgano municipal competente, solicitar do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento a prestación do servizo de intervención en emerxencias, que constitúe o obxecto do Consorcio Provincial. Pontevedra, 10 de decembro de 2013. O Presidente: Rafael Louzán Abal.”*

O asunto foi ditaminado en comisión informativa de data 30/05/13.

Os portavoces do BNG e PSOE mostran o seu apoio a incorporación do concello do concello de Barro o Concorcio.

Sometido o asunto a votación acordase por UNANNIMIDADE:

Primeiro.- Solicitar do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento a prestación do servizo de intervención en emerxencias, que constitúe o obxecto do Consorcio Provincial.

Segundo.- Facultar o Sr. Alcalde para a sinatura de documentos e a realización dos tramites necesarios a execución do presente acordo

#### **4. MOCIÓNS.**

##### **4.1. MOCION AFECTADOS POR PREFERENTES E SUBORDINADAS.**

O Sr. Alcalde informa da celebración dunha xuntanza dos alcaldes dos concellos da comarca con representantes dos afectados polas preferentes e subordinadas o día 29 na que se concretou o apoio dos concellos as súas reivindicacións.

Da conta que representantes dos afectados se personaron no salón de sesións antes do comezo da sesión para informar ó presentes do seu problema dando lectura a dous textos e pedindo a implicación do concello na solución do problema.

Da conta do texto entregado por representantes da "plataforma de afectados/as polas preferentes e subordinadas do Umia" que somete a consideración dos membros da corporación e que se transcribe de seguido:

*"Plataforma de Afectados polas Preferentes e Subordinadas do Umia-Barro, Caldas de Reis, Cuntis, Moraña e Portas.*

*En Caldas de Reis, a 29 de maio de 2013.*

*Excelentísima Señora Alcaldesa do Concello de Morana e Excelentísimos Señores Alcaldes dos Concellos de Barro, Caldas de Reis, Cuntis, e Portas:*

*A Plataforma de "afectados polas preferentes e subordinadas do Umia" queremoslle achegar a nosa proposta de solución para esta estafa masiva.*

*Como plataforma creemos nunha solución política, que debe abordarse dende os seguintes puntos de vista complementarios:*

*1.- Que se nos canxeen estes produtos tóxicos polo que realmente os afectados criamos ter contratado: un "DEPÓSITO A PRAZO FÍXO" a curto prazo,*

*2.- Nos casos nos que os/as afectados/as acreditemos a urxente necesidade de atender un pagamento ou débeda, se lie faga este canxe por diñeiro líquido.*

*3.- Que os afectados de preferentes Ou subordinadas, que sexamos titulares de cretos hipotecarios, da mesma ou de terceira entidade bancaria, poidamos cancelar total ou*

*parcialmente esa débeda hipotecaria polo importe total desembolsado no seu día para a subscripción dos produtos tóxicos.*

*4.- Cancelación inmediata de tódolos cretos persoais que se nos concederon aos/as afectados/as como medio de "devolución" dos importes destinados a "Preferentes" ou "Subordinadas".*

*Dicir, de antemán, que non estamos dispostos a soportar ningún tipo de quita-roubo, nin canxe por accións, pois somos aferradores que solicitamos a devolución íntegra ao 100%: Non somos investidores.*

*Os aferradores non temos por que "pagar" o que outros fixeron mal. Estamos nunha época de profunda trise, na que precisamos dos nosos aforres para así tentar saír adiante. Hai que ter en conta que as plataformas están formadas por menores de idade, xubilados con pequenas pensións, estudafertes, parados, afectados de hipotecas, discapacitados, enfermos termináis, afectados dobremente estafados os cales se lies oíreceu un empréstimo persoal que agora terán que devolver, e un longo etc.*

*Polo tanto, consideramos de que se hai VONTADE POLÍTICA, SI SE PODE!*

*Así pois SOLICITÁMOSLLE:*

*1.- Apoio as persoas afectadas por preferentes e subordinadas porque non son investidores, son aforradores.*

*2.-Que a todo-los afectados/as por preferentes e subordinadas se lles devolva integramente os cartos , de non ser así poría o seu cargo á dispor coma medida de presión e, que non se execute o Real Decreto no que se aproban as quitas, posicionándome en contra deste, e, solicitando a súa derogación.*

*3.- Que pona en coñecemento dos Alcaldes destas Comarcas (homólogos seus) estas propostas de solución, as adopten como propias e se unan a nos publicamente por esta causa, coa manifestación explícita de apoio a estas elementáis medidas de solución da estafa.*

*Utilizando os medios institucionais e partidarios necesarios para conducir a unha solución xusta deste conflito, en lugar de amparar ao Goberno que está espoliando aos aferradores ao aprobar mediante Real Decreto un ROUBO”.*

Aberto o debate sobre o asunto o Sr. Alcalde e os portavoces dos grupos políticos mostran o seu apoio a proposta e reivindicacións dos afectados.

Sometido o asunto a votación acordase por UNANNIMIDADE:

1.- Apoio as persoas afectadas por preferentes e subordinadas porque non son investidores, son aforradores.

2.- Que a todo-los afectados/as por preferentes e subordinadas se lles devolva integramente os cartos , de non ser así poría o seu cargo á dispor coma medida de presión e, que non se execute o Real Decreto no que se aproban as quitas, posicionándome en contra deste, e, solicitando a súa derogación.

3.- Que se poña en coñecemento dos Alcaldes destas Comarcas (homólogos seus) estas propostas de solución, as adopten como propias e se unan a nos publicamente por esta causa, coa manifestación explícita de apoio a estas elementáis medidas de solución da estafa.

4.- Utilización dos medios institucionais e partidarios necesarios para conducir a unha solución xusta deste conflito, en lugar de amparar ao Goberno que está espoliando aos aferradores ao aprobar mediante Real Decreto un ROUBO”.

#### **4.2. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA A INCLUIR NO PROGRAMA DE EDUCACIÓN DOS COÑECEMENTOS DE PRIMEIROS AUXILIOS, SEGURIDADE VIAL ETC.**

Polo Sr Alcalde dase conta do texto da moción que se transcribe:

##### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*Numerosos estudos científicos señalan la importancia de que todos los ciudadanos conozcan las técnicas de soporte vital básico. Accidentes como incendios en viviendas, derrumbes, catástrofes medioambientales y tecnológicas causan cientos de víctimas derivadas de comportamientos inadecuados de la población por desconocimiento de los planes de emergencias que podrían evitarse con una correcta formación.*

*Es importante la formación de los niños y jóvenes en primeros auxilios, seguridad vial y emergencias con el fin de concienciarles desde la escuela tal y como hacen los países de nuestro entorno sobre la importancia de la prevención de situaciones de riesgo y emergencia, así como la correcta aplicación de los primeros auxilios como forma de salvar vidas.*

*El Alcalde es el responsable de la protección civil y le corresponde la educación cívica de su Ciudad, así como el fomento de la autoprotección, herramienta esta, fundamental para que los ciudadanos alcancen por si mismo la protección ante un siniestro.*

*Ya la Ley 2/85, de 21 de enero, sobre Protección Civil destacaba en el punto IV de su Exposición de Motivos la importancia de la autoprotección señalando qué "en los supuestos de emergencia que requieran la actuación de la protección civil, una parte muy importante de la población depende, al menos inicialmente, de sus propias fuerzas. De ahí que, como primera fórmula de actuación, haya de establecer un complejo sistema de acciones preventivas e informativas, al que contribuye en buena medida el cumplimiento de los deberes que se imponen a los propios ciudadanos, con objeto de que la población adquiera conciencia sobre los riesgos que puedan sufrir y se familiarice con las medidas de protección que, en su caso, debe utilizar".*

*Se trata en definitiva, de lograr la comprensión y la participación de toda la población en las tareas propias de la protección civil, de las que los ciudadanos son, al mismo tiempo, sujetos activos y beneficiarios.*

*Por estas razones, hacemos propia una propuesta de las asociaciones y profesionales del sector de emergencias sobre la importancia de enseñar primeros auxilios, seguridad vial, autoprotección y emergencias a nuestros jóvenes.*

*La intención es aprovechar las futuras modificaciones que en el diseño curricular de determinadas asignaturas, en las que consideramos que existiría un encaje idóneo para estas enseñanzas, para solicitar que se incorporen en el plan de estudios estos contenidos fundamentales para la seguridad y la vida.*

*Por todo lo anteriormente expuesto, el Grupo Municipal Popular propone al Ayuntamiento en Pleno la adopción de los siguientes*

**ACUERDOS:**

*UNO. El Pleno del Ayuntamiento de Barro, insta a la Xunta a incluir en el programa de contenidos obligatorios de Educación Primaria y Secundaria, los conocimientos de primeros auxilios, seguridad vial, autoprotección y emergencias.*

*DOS.- Dar traslado a la Consellería de Educación e Cultura de la Xunta de Galicia y Mesa del Parlamento de Galicia.*

*No obstante el Pleno con su mayor criterio decidirá.*

*Barro, 29 de Mayo del 2.013*

*Fdo. José Antonio Landín Eirín (Portavoz del Grupo Municipal Popular Partido Popular de Barro).*

Os portavoces do BNG e do PSOE mostran o seu apoio a proposta de contidos en materia de seguridade.

Sometido a asunto a votación acordase por unanimidade a aprobación do texto da moción

#### **4.3. MOCIÓN BNG SOBRE MANTEMENTO DOS XULGADOS DE PAZ E GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS**

Polo Sr. Fernandez Abraldes dase conta do texto da mocion que se transcribe:

*“O abaixo asinante, Xosé Manuel Fernández Abraldes, portavoz do BNG no concello de Barro presenta a seguinte MOCIÓN referida ao **mantemento dos xulgados de paz e gratuidade dos rexistros civís.***

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*1.- As recentes noticias publicadas en prensa, así como os borradores de reforma da Lei orgánica do poder xudicial e do Rexistro Civil, venen a pór de manifestó que o goberno do PP no Estado quere eliminar tanto os Xulgados de Paz como os rexistros civís, de tal forma que estes últimos pasan a ser competencia dos Rexistros da Propiedade.*

*2.-A proposta do Goberno central avoga claramente pola desaparición dos Xulgados de Paz, ao figurar que a potestade xurisdicional se exercerá "con exclusividade nos seguintes tribunais: Tribunal Supremo, Audiencia Nacional, Tribunais Superiores de Xustiza e Tribunais de Instancia". Os Xulgados de Paz xogan un papel moi importante no achegamento da administración de Xustiza ás persoas usuarias deste servizo público, ao realizaren trámites de auxilio xudicial que lies evitan desprazamentos e custes económicos, como son, entre outros, as citacións e notificacións xudiciais, a realización de conciliacións. Xa que logo, a súa supresión vai afectar negativamente a moitas persoas ao desapareceren estes órganos de apoio xudicial básicos, que existen en todos os concellos, sen máis alternativa que a concentración nos xulgados de instancia, que só están localizados en determinadas cabeceiras de comarca e nas cidades.*

*3.- No que atinxe á modificación dos Rexistros Civís, non só se aborda a súa eliminación de xeito parello á desaparición dos Xulgados de Paz, senón que ademais se encomenda a súa competencia a rexistradores/as da Propiedade. Dese xeito, un servizo até o de agora gratuito pasará a ser de pago, como manifestou o propio colectivo de rexistradores/as que, en principio, mantén unha postura remisa a asumir esas competencias, "se non queda absolutamente claro que as persoas usuarias custearán o servizo". Neste caso, afectará a unha ampla maioría, pois serán todas as persoas que precisaren expedir documentos básicos para acreditar a súa*

*situación persoal, que á súa vez son imprescindíbeis para cobrar pensión, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas.*

*4.- Por tanto, é evidente, que as pretendidas reformas, non van en beneficio da maioría das persoas, senón que se fan con criterios única e exclusivamente economicistas e corporativistas, fomentando o pago directo a determinados funcionarios/as públicos por un servizo que debe ser gratuito, alén de iren na dirección contraria á modernización da administración de xustiza e do Rexistro Civil.*

*Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicitamos da Corporación en Pleno, a adopción dos seguintes*

#### **ACORDOS:**

*1.- Expresar o rexeitamento á proposta do Goberno do Estado-relativa á supresión dos Xulgados de Paz e á asunción por parte dos Rexistros da Propiedade e e ás Notarías das funcións dos Rexistros Cívís, Instando ao Goberno do Estado á Inmediata retirada deste anteproxecto de lei.*

*2.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno Central o mantemento dos Xulgados de Paz, así como a que se garanta a gratuidade das funcións que prestan os Rexistros Cívís.*

*3.- Dar traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza.  
Barro a 23 de maio de 2013. Asdo. Xosé Manuel Fernández Abraldes.”*

Os portavoces dos grupos políticos coinciden na necesidade de manter o servizo dos rexistros civís e a súa gratuidade para os veciños.

#### **A Corporación Municipal, por unanimidade, acorda**

Primeiro.- Expresar o rexeitamento á proposta do Goberno do Estado-relativa á supresión dos Xulgados de Paz e á asunción por parte dos Rexistros da Propiedade e ás Notarías das funcións dos Rexistros Cívís, instando ao Goberno do Estado a inmediata retirada deste anteproxecto de lei.

Segundo.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno Central o mantemento dos Xulgados de Paz, así como a que se garante a gratuidade das funcións que prestan os Rexistros Cívís.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao Goberno Central e á Xunta de Galiza.

#### **4.5- MOCION DO PSOE SOBRE VADOS**

Polo Sr. Sanmartin Soto dase conta da problemática plantexada polo atranco de entradas ós garaxes dos edificios de Santo Antoniño con vehículos que aparcan indebidamente e propón que o concello faga un convenio como pode ser con algunha empresa de guas para a retirada dos vehiculos que atranquen.

O Sr. Alcalde constestalle que o concello xa ten aprobada unha ordenanza reguladora dos vados, pero si o concelleiro pretende que se lles imponha os vados que o solicite e quedará claro que se fai a petición do concelleiro e pide ó Secretario que elabore informe sobre a posibilidade legal de prestación do servizo de retirada de vehiculos polo concello.

#### **URXENCIA**



Polo Sr. Alcalde dase conta do convenio asinado entre a FEGAMP, Xunta de Galicia e o Consello Xeral do Poder Xudicial para a detección de supostos de vulnerabilidade con ocasión do lanzamento de vivenda e someta a consideración da corporación a aprobación da urxencia tendo en conta a necesidade de facer fronte a calquer situación que se poida plantexar no concello como consecuencia de desafiuzamentos.

Por unanimidade aprobouse a declaración da urxencia do asunto.

### **U.1. CONVENIO DE COLABORACION SOBRE A DETECCIÓN DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE CON OCASIÓN DO LANZAMENTO DE VIVENDA FAMILIAR E MEDIDAS DE CARÁCTER SOCIAL**

Polo Sr. Alcalde dase conta do envío pola FEGAMP do texto do convenio co Consello Xeral do Poder Xudicial para a detección de supostos de vulnerabilidade con ocasión do lanzamento de vivenda e someta a consideración da corporación a aprobación da urxencia tendo en conta a necesidade de facer fronte a calquer situación que se poida plantexar no concello como consecuencia de desafiuzamentos.

**Logo dun breve debate a corporación acorda por UNANIMIDADE:**

**Primeiro.- Aprobación da adhesión do concello de Barro o convenio que se transcribe:**

**“CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) SOBRE A DETECCIÓN DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE CON OCASIÓN DO LANZAMENTO DE VIVENDA FAMILIAR E MEDIDAS DE CARÁCTER SOCIAL**

En Madrid, a oito de abril de dous mil trece.

REUNIDOS

Dun lado, o Excmo. Sr. D. GONZALO MOLINER TAMBORERO, en representación do Consello Xeral do Poder Xudicial, expresamente facultado para o presente acto por Acordo do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial de data 7 de marzo de 2013, a quen se lle reconece a plena capacidade leiga! necesaria para subscribir o presente Convenio.

Doutro lado, o Excmo. Sr. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO, Presidente da Xunta de Galicia, nomeado por Real Decreto 1617/20J2, de 29 de novembro, en exercicio das facultades que lle atribúe o artigo 24 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e Ia Lei 16/20/0, de 17 de decembro, de organización e funcionamento de ta Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

E doutro, D. JOSÉ MANUEL REI VARELA, Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), no seu nome e representación, de acordo co artigo 44 dos seus Estatutos.

As partes, na representación que respectivamente ostentan, decidiron subscribir o Convenio sobre a detección de supostos de vulnerabilidade con ocasión do lanzamento ou desafiuzamento de vivenda na que o debedor ou o inquilino teñan a súa residencia familiar habitual, para posibilitar a adopción de medidas de carácter social nos termos que seguidamente

EXPOÑEN

Primeiro.- o Consello Xeral do Poder Xudicial, de conformidade co artigo 104 e seguintes da Lei 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, é o órgano de goberno do poder xudicial, exerce as súas competencias en todo o territorio nacional e o seu Presidente ostenta Ia representación do Poder Xudicial e do mesmo Consello.

Segundo. Que o Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que en relación coa Administración de Xustiza, correspóndelle á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que as Leis Orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial reconecen ou atribúen ao Goberno do Estado. Nesta cláusula estatutaria atópase a orixe do traspaso á Comunidade

Autónoma de Galicia das xunciones que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza.

Terceiro.- Que as Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia teñen competencias en materia de vivenda e servizos sociais, de acordo co disposto nos Decretos 44/2012, de 19 de xaneiro, e 42/2013, de 21 de febreiro, polos que se establece a estrutura orgánica de ambas as Consellerías.

Cuarto. - Que a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) é unha Asociación constituída polos Entes Locais que voluntariamente o decidan, gozando de personalidade xurídica plena e pública para o desenvolvemento das funcións que lle son inherentes, gozando de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos ou obrigacións, figurando entre os seus fins /a representación e defensa das entidades locais, a promoción das competencias locais e calquera outro fin que afecte ou incida directa ou indirectamente nos seus asociados.

Quinto.- Que o artigo 60 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece como competencias dos Concellos os servizos sociais comunitarios básicos.

Sexto. - Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas e con persoas xurídicas suxeitas ao dereito Privado, al amparo do disposto no artigo 4 do Rea/ Decreto-Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se apróbase o texto refundido da Lei de Contratos do sector público, e no Acordo do Consello de la Xunta de 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda de 8 de abril de 1991.

Sétimo. - Que a situación de crise económica dos últimos anos motiva que moitos cidadáns se atopan inmersos en procedementos de execución que terminan na poxa e adxudicación das súas vivendas, co consecuente risco de exclusión social de miles de familias. Isto provocou a adopción de sucesivas medidas de política económica que, no entanto, deben completarse con outras que permitan a súa extensión aos particulares coa finalidade de mitigar esta situación.

Oitavo. - Neste sentido, o Real Decreto Lei 8/2011, de 1 de xullo, elevou o nivel de inembargabilidade no caso de debedores que perdesen a súa vivenda habitual até o 150% do Salario Mínimo Interprofesional, aumentou do 50% ao 60% do valor de tasación o límite mínimo para a adxudicación do inmovible e reduciu ao 20% o depósito esixido para tomar parte na poxa.

Por outra banda o Real Decreto Lei 6/2012, de 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios aprobou o denominado "Código de Boas Prácticas", e o Real Decreto Lei 27/2012, de 15 de novembro, de medidas urxentes para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, estableceu ademais a suspensión inmediata e por prazo de dous anos dos desafiuzamentos dos debedores que se atopen nunha situación de especial vulnerabilidade nos termos previstos na propia norma.

Noveno.- Que a situación actual de crise económica non afecta exclusivamente ao mercado hipotecario, senón que estende os seus efectos ao arrendamento de vivenda. A pesar das sucesivas reformas que tentaron xilmbilizar o sector e garantir a posición de ambas as partes, arrendador e arrendatario, a diminución ou perda da capacidade económica aboca en moitos casos ao desafiuzamento por falta de pago de ta renda.

O Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias coinciden no diagnóstico exposto e na necesidade de abordar conxunta e coordinadamente medidas que dean resposta ás situacións de vulnerabilidade que puidesen detectarse no curso dos procedementos xudiciais ou pola Administración de Xustiza no desempeño do seu labor, polo que as partes acordan asinar o presente Convenio de Colaboración con base nas seguintes

## C L A Ú S U L A S

Primeira. Obxecto do Convenio.

O presente Convenio de Colaboración ten por obxecto establecer un protocolo de actuación que desenvolva a forma a través de ta cal cando, con motivo dun desafiuzamento derivado dun procedemento de execución hipotecaria ou dun xuízo por falta de pago da renda, obsérvase unha situación de especial vulnerabilidade, sexa por existir elementos que permitan pensar en la aplicación del Código de Boas Prácticas Bancarias ou do Real Decreto Lei 27/2012, sexa por razóns de idade, imposibilidade de valerse por un mesmo ou calquera outras que, a xuízo da Autoridade Xudicial, determinen a conveniencia ou necesidade de intervención dos servizos sociais da Xunta de Galicia, dependentes da Consellen'a de Traballo e Benestar, ou dun determinado Concello, comuníquese polo medio máis rápido posible ao organismo competente para que, previa realización das comprobacións que se consideren, a Administración autonómica ou local poidan adoptar a decisión oportuna e en caso das execucións hipotecarias

incluílas, se cumpren os requisitos, no programa de recollo de afectados por execucións hipotecarias xestionado polo Instituto Galego da Vivenda e Chan (IGVS) da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ou, no seu caso, solicitar a intervención dos servizos sociais, garantindo a atención debida.

En definitiva, trátase de que as persoas en situación de especial risco exclusión e vulnerabilidade atópanse cunha resposta de lasAdministraciones sensible e adecuada, no marco da normativa vixente.

#### Segunda.- Protocolo de Actuación.

A tose efectos do presente Convenio, é preciso distinguir entre as dúas- situacións que poden provocar o desafiuzamento:

##### 1.- Procedementos de execución hipotecaria que versen sobre vivenda habitual.

- Cando o Xuíz que coñeza dun asunto observe que, ao efectuarse o requirimento de pago ben antes de interperse a demanda ben ao despacharse execución, non se informou ao debedor hipotecario de maneira clara e veraz do contido e posibilidades previstas no Código de Boas Prácticas Bancarias aprobado por Real Decreto Lei 6/20/2, de 9 de marzo, e no Real Decreto Lei 27/20/2, de 15 de novembro, adoptará as medidas oportunas para que se remita ao debedor unha nota comprensiva dos elementos esenciais introducidos por tales normas ou calquera outras que puidesen aprobarse no futuro con relación á materia de que se trata, a fin de que o destinatario poida, no seu caso, facer as alegacións que considere pertinentes, sen suspender o curso do procedemento.

- Cando durante a sustanciación dun procedemento de execución hipotecaria detéctese a existencia dunha eventual situación de vulnerabilidade que puidese incardinarse no ámbito do Real Decreto Lei 6/20/2, de 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos, ou do Real Decreto-Lei 27/20/2, de 15 de novembro, de medidas urxentes para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, ou, en xeral, dunha situación de desvalimiento ou de risco de exclusión social, darase traslado á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia ou aos servizos sociais do correspondente Concello para que, con estrito respecto á protección de datos de carácter acode!, a Administración poida realizar as xestións necesarias para analizar ta problemática e, no caso de que sexa procedente, adoptar as medidas encamiñadas para asegurar a actuación dos servizos sociais.

- Cando no desenvolvemento dun lanzamento constátase unha eventual situación de espedid vulnerabilidade ou desvalimiento, darase inmediata conta ao Xuíz que coñeza do asunto e que resolverá se procede decretar a suspensión polo prazo imprescindible, e nunca superior a dez días, para que os servizos sociais, advertidos ao efecto, poidan facer unha valoración provisional das circunstancias concorrentes e acometer a actuación que proceda.

- En todo caso, verificada a comunicación e examinada /a situación, o departamento administrativo correspondente adoptará a decisión que proceda e que poderá consistir en formular unha proposta de intervención, podendo dar traslado ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) se concorren os requisitos para a súa inclusión no programa de realojos, ou declinar a mesma por considerar que as circunstancias non permiten concluír que se trate dunha situación que entre no marco ou esfera de actuación dos servizos sociais. Unha ou outra decisión comunicárase ao órgano xudicial, o cal, se a proposta for positiva, procurará adecuar a tramitación para garantir a tutela e efectividade dos intereses lexítimos de ambas as partes, sempre con estrito cumprimento das leis procesuais.

##### 2.- Procedementos de desafiuzamento de vivenda habitual por falta de pago da renda.

- Coa cédula de citación a xuízo e a copia da demanda acompañárase un folleto informativo dos se/vicios e programas de asistencia social, sexan da Administración autonómica ou de la Administración local, a través de Deputacións ou Concellos.

- Cando durante la tramitación dun procedemento de desafiuzamento por falta de pago da renda detéctese unha situación de especial vulnerabilidade ou desvalimiento, darase traslado á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia ou aos servizos sociais do correspondente Concello para que, con estrito respecto á protección de datos de carácter persoal, a Administración poida realizar as xestións necesarias para analizar a problemática e, no caso de que sexa procedente, adoptar as medidas encamiñadas para asegurar a actuación dos servizos sociais.

Cando no desenvolvemento dun lanzamento por falta de pago da renda constátase unha eventual situación de especial vulnerabilidade ou desvalimiento, darase inmediata conta ao Xuíz que coñeza do asunto e que resolverá se procede que se dea inmediata conta aos servizos sociais para que poidan facer unha valoración provisional das circunstancias concorrentes e acometer a actuación que proceda no ámbito dos servizos sociais.

#### Terceira.- Compromisos do Consello Xeral do Poder Xudicial.

- Elaborará e porá a disposición dos Xulgados os folletos informativos e formularios normalizados, en papel e en soporte electrónico, así como a información existente sobre a organización, funcionamento e competencias dos servizos sociais.

- Proporcionará á Xunta de Galicia os formularios e impresos normalizados para a súa inserción nas aplicacións informáticas de xestión procesual.

- Elaborará un rexistro informático que permita o estudo estatístico de tas actuacións realizadas ao amparo do Convenio.

Cuarta.- Compromisos da Xunta de Galicia.

- Facilitará, a través da Consellería de Traballo e Benestar, ao Consello Xeral do Poder Xudicial e aos Xulgados do territorio toda a información dispoñible sobre a estrutura, redes, organización, funcionamento e recursos dos servizos sociais e programas de asistencia social.

- Facilitará, a través de ta Consellería de Traballo e Benestar, a identificación do departamento e persoal responsable aos efectos de Ias comunicacións previstas no presente Convenio.

- Comprométese, a través das Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e de Traballo e Benestar, no ámbito das súas respectivas competencias, a dar unha resposta inmediata e unha tramitación urxente a tas solicitudes remitidas polos Xulgados e a comunicar a resolución que poña fin ao expediente.

Quinta.- Compromisos da FEGAMP.

- Promoverá entre os seus asociados o coñecemento deste Convenio, buscando a súa colaboración para a execución dos compromisos nel recolleitos.

- Facilitará ao Consello Xeral do Poder Xudicial e aos Xulgados do territorio toda a información da que se dispoña sobre a estrutura, redes, organización, funcionamento e recursos dos servizos sociais e programas de asistencia social dos Concellos.

- Facilitará a identificación de! departamento e persoa! responsable unha vez facilitada polos seus asociados, aos efectos das comunicacións previstas no presente Convenio.

- Procurará que os seus asociados dean unha resposta inmediata e unha tramitación urxente ás solicitudes remitidas polos Xulgados e comuniquen a resolución que poña fin ao expediente.

Sexta.- Comunicacións entre a Xunta de Galicia, os entes locais e a Administración de Xustiza.

As comunicacións entre a Administración de Xustiza e a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia ou o correspondente ente local, efectuaranse preferentemente por conduto telejónico e electrónico.

Sétima.- Confidencialidade da información e dos resultados.

A Xunta de Galicia e a FEGAMP comprométese a garantir a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia de tas actividades realizadas, de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Igualmente comprométese a observar o establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, no que se refire ao acceso imitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

Oitava.- Gastos de execución do Convenio.

O presente Convenio non comporta gasto algún para as partes asinantes, ao centrarse na elaboración de fórmulas de coordinación entre a Administración de Xustiza e a Administración autonómica e local, inseríndose as obrigacións das partes no desenvolvemento ordinario (Ile as competencias propias. Cada unha das partes asinantes do presente Convenio asumirá o custo das actuacións que deba realizar de conformidade co clausulado do mesmo e con arranxo ás súas respectivas normas de xestión económica.

Novena.- Comisión de seguimento do Convenio.

Segundo o previsto no artigo 6.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, crearase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. Esta comisión estará integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes do presente Convenio.

A comisión reunirse de forma ordinaria cada tres meses co obxecto de garantir a calidade do servizo, corrixir disfuncionalidades e analizar a experiencia; e con carácter extraordinario cando fose necesario a petición de calquera das partes.

Actuará como secretario, con voz pero sen voto, la persoa que exerza a Xefatura do Servizo de Programas e Estudos da Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia.

Décima.- Vixencia do Convenio.

A vixencia do presente Convenio será indefinida, aínda que calquera das partes poderá denunciálo pónndoo en coñecemento das outras, polo menos con tres meses de antelación á data en que se desexase deixalo sen efecto.

Decimoprimer. - Natureza xurídica.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexeráse polas cláusulas establecidas no mesmo, e, na súa falta, polo regulado no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto rejundido da Lei de contratos do sector público.

Decimosegunda.- Resolución do convenio.

Será causa de resolución do presente Convenio o incumprimento por unha das partes de calquera das obrigacións contraídas e/ou cláusulas establecidas nel, así como o incumprimento da normativa vixente na materia, o que facultará ás outras partes para a resolución do mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos derivados, pero non así as obrigacións inherentes.

Décimo terceira.- Cuestións litigiosas.

Corresponde á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a resolución das cuestións litigiosas que poidan xurdir sobre ta interpretación, modificación, resolución ou efectos do presente convenio, pondo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra os mesmos poderase interpor recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, e para a debida constancia, asíñase o presente convenio de colaboración, por triplicado e a un só efecto, no lugar e data arriba indicados.

Por el Consejo General del Poder Judicial (Fdo. Gonzalo Moliner Tamborero)

Poa Xunta de Galicia (Fdo. Alberto Núñez Feijoo).

Poa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fdo. José Manuel Rey Varela).”

Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura do convenio e a realización da xestión necesarias a execución do presente acordo.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a FGAMP

## **5. ROGOS E PREGUNTAS.**

Sr. Fernandez Abraldes, que de paso que operarios da Deputación están facendo traballos de limpeza na estrada de San Amaro que acometan tamen a limpeza da estrada provincial que vai de Canai a Triabá tendo en conta a invasión da mesma por terra e maleza.

Sr. Alcalde, que se trata do problema da invasión das estradas asfaltadas nas labores agrícolas e que ten previsto plantexar a mellora de dito vial.

Sr. Fernandez Abraldss, roga se arranxe a pista que leva dende a antiga fabrica de Socaber ó lugar de Vilaverde por enteder que se trata dunha das pistas en peor estado.

Sr. Fernandez Abralsde, roga que o concello se preocupe de que polos titulares das estradas se fagan as correccións necesarias no caso dos topónimos deturpados.

Sr. Alcalde, aclara que xa se esixiu a corrección de algun dos toponimos mal escritos.

Sr. Fernandez Abraldes, en relación coa problemática da legalización do edificio da parroquia da Portela pide que se tramite a mesma coas garantías necesarias respetando os dereitos do veciños.

Sr. Sanmartin Soto, pregunta pola organización da festa do viño de Barro e pide explicacións pola presenza do fillo do Alcalde nas dependencia do concello e a utilización do despacho do alcalde.

Sr. Alcalde, que a preparación e organización da festa do viño de Barro se leva a cabo coa participación de distintas persoas que puntualmente se ven dando conta dos gastos da mesma.

Sr. Sanmartin Soto, propón que para o próximo ano se organice a festa de xeito que non se financie soio con cartos do concello.

Sr. Alcalde, anuncia que da por rematada a sesión

Sr. Sanmartin Soto, sinala que pretende facer mais preguntas

Sr. Alcalde, que tendo en conta que xa ten feitas as preguntas por escrito xa llas contestara tamén por escrito.

Sr. Sanmartin Soto, pide conste en acta que ante a seu dereito a facer mais rogos e preguntas o Sr. Alcalde levanta a sesión.

A sesión rematou ó fio das vinte e unha horas trinta minutos. Dou fe.